

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 21 DE MAIO DE 2024-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 21 de maio de dous mil vinte e catro ; as nove horas e cinco minutos xuntase os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data Alcalde Don César Fernández Gil concelleiros/as: don Miguel García Domínguez, don Juan Carlos Fernández Fernández , dona Yolanda Gómez Gómez, dona Mariluz Expósito Pérez

Está presente o Secretario do Concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do Concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior de 15 de maio de 2024..

2.- OBRAS MAIORES.-

3.- ESCRITOS DOS CIADANS.

Con rexistro de entrada no concello 2024—E-RC-3228 don Justo Fernández Martínez presenta escrito do seguinte tenor literal:

**RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADES NA EXECUCIÓN DA OBRA
REALIZADA POLO CONCELLO DE RIBADAVIA EN TERREO PROPIEDAD
DO MINISTERIO DE TRANSPORTES Y MOVILIDAD SOSTENIBLE**

ANTECEDENTES:

O 14 de febreiro de 2022 recibimos a comunicación do trámite de audiencia realizado polo MINISTERIO DE OBRAS PUBLICAS TRANSPORTES Y MEDIO AMBIENTE poñendo de manifesto unha suposta discrepancia entre los datos del Catastro e a realidade inmobiliaria, que afectaría a la superficie e configuración da parcela 32070A00300430 del municipio de RIBADAVIA. [Expediente: 00461086.32/20 Documento: 03306930]

O 6 de marzo de 2022 presento alegacións a de discrepancias a través da sede electrónica do catastro. [Documentación aportada baixo o CSV V2DFKTZNTACV9KA].

O 24 de maio de 2022 recibimos unha notificación por comparecencia FAVORABLE ante as discrepancias encontradas. [Expediente: 00461086.32/20 Documento: 03610945].

No 4º trimestre de 2022 o Concello de Ribadavia inicia ás obras en terreo propiedade do Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible [Referencia catastral: 32070A007090160000YF] dun camiño anexo á estrada Nacional 120 situada no punto

quilométrico da N120: entre km 599 (Almuiña) e 598 (Torre/Vilafit) coas Coordenadas: 42°17'13.5"N 8°08'49.6"W.

RECLAMACIÓN:

A construción do camiño anexo à Estrada Nacional 120 entre o km 599 e km 598, troux consecuencias no edificio con referencia catastral 0421905NG780250001PT e no propio terreo.

Estas consecuencias negativas producíronse durante e despois da construción do camiño. N final deste camiño non ten ningún remate ou desaugue, o que conleva que a auga, principalment

da chuvia, decorra polo terreo ata a noso edificio.

A construción do mencionado camiño, tamén trouxo consigo o derrube de pedras e terra cara c terreo do propio edificio como se pode ver nas seguinte fotografías:

SOLICITAMOS:

1. Que se desvie a auga na finalización do novo camiño xa que decorre directamen edificio con RC: 0421905NG7802S0001PT
2. Que se realice o desterre das pedras e da terra que se derrubou durante e de construción do camiño.
3. Que se nos proporcione a seguinte documentación técnica da obra realizada:
 - a. Copia da concesión da licenza de obras.
 - b. Tipo de contrato coa empresa AOPIL, S.L.: licitación, contrato menor corresponda.
 - c. Certificado final de obra.
 - d. Proxecto que inclúa o seguinte:
 - i. Copia do visado oficial no Colexio Profesional correspondente.
 - ii. Planos.
 - iii. Orzamento desagregado.
 - iv. Garantías de execución da obra.

En base o anteriormente exposto, esperamos ter resposta a maior brevidade posible .

De non ser así, teremos que tomar as medidas xudiciais necesarias para resolver o de inundacións e humidades no edificio provocado dende a construción do camiño anexo Nacional 120.

A xunta de goberno acorda comunicar, que consultados os servizos técnicos municipais, non obra no concello a documentación solicitada.

4 ESCRITOS OFICIAIS

5 CUESTIÓN ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.

LIQUIDACIÓN DE TAXAS POR OCUPACIÓN DE VIA PUBLICA CON MESAS E CADEIRAS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a liquidacións da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de abril 2024, por importe de 1.260 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a este acordo.

A xunta de goberno local , por unanimidade, presta aprobación ao Convenio de colaboración entre o concello de Ribadavia e Cruz Roja Española en O Ribeiro.

6 ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo.

E sendo as nove horas e vinte e cinco minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr Alcalde levanta a sesión.